

# Defende os teus dereitos

Guía práctica para mulleres que  
sofren violencia de xénero

XUNTA DE GALICIA



# Defende os teus dereitos

Guía práctica para mulleres que sofren  
violencia de xénero

## **Autoras:**

Belén Martín María

Amalia Fernández Doyague

Mercedes Chato Franco

---

Asociación Mujeres Juristas Themis  
Telf. 91 319 07 21 / Fax 91 702 39 51  
C/ Almagro, 28. Bajo 28010-Madrid  
[themis@mujeresjuristasthemis.org](mailto:themis@mujeresjuristasthemis.org)  
[www.mujeresjuristasthemis.org](http://www.mujeresjuristasthemis.org)

Diseño e realización: PardeDÓS  
Imprime: Seg. Color  
Depósito Legal: M-52490-2006

*«Hai un decenio, a violencia contra a muller era un problema completamente invisible.*

*Hoxe o dereito da muller a non ser vítima da violencia recoñécese como un dereito humano internacional e en tal sentido establecéronse normas e mecanismos.*

*Por conseguinte, no futuro o noso deber será garantir o acceso, o respecto e a supervisión dese dereito, de modo que represente un dereito fundamental para todas as mulleres en todas as partes do mundo.»*

Informe de Radhika Coomaraswamy. Primeira Relatora Especial sobre a violencia contra a muller de Nacións Unidas. (E/CN4/2003/75)

*«A violencia contra a muller é un conxunto de actos que viola os dereitos humanos básicos da muller, ten consecuencias devastadoras para as mulleres que a sofren, traumatiza a quen a presencian, deslexitima aos Estados que non a impiden e empobrece as sociedades que a toleran. »*

*«A obriga de protexer coa debida dilixencia esixe que os Estados garantan que as mulleres e as nenas que son vítimas da violencia ou corren o risco de selo teñan acceso á xustiza e a servizos de atención de saúde e apoio que respondan ás súas necesidades inmediatas, as protexan contra outros danos e se ocupen das consecuencias que se derivan da violencia para a muller. Con ese fin, os Estados deben elaborar marcos lexislativos, sistemas de vixilancia policial e procedementos xudiciais apropiados para protexer axeitadamente a todas as mulleres, proporcionarlles un contorno seguro e propicio para que informen dos actos de violencia cometidos contra elas e adoptar medidas tales como ordes de interdicción ou expulsión e procedementos de protección das vítimas. En situacións nas que é evidente que determinadas mulleres e nenas poden ser vítimas da violencia, os órganos encargados de aplicar a lei teñen a obriga de establecer mecanismos de protección efectivos e apropiados para impedir que se produzan outros danos. »*

Informes de Yakin Ertürk. Segunda Relatora Especial sobre a violencia contra a muller de Nacións Unidas. (E/CN.4/2004/66 e E/CN.4/2006/61)



N

a IV Conferencia Mundial sobre a Muller, celebrada en 1995, recoñécese que a violencia de xénero é un obstáculo para o logro de obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz, que menoscaba ou impide o goce polas mulleres dos seus dereitos humanos e das liberdades fundamentais.

A violencia de xénero é consecuencia dunha construción cultural do masculino e o feminino baseada nunha repartición asimétrica do poder sobre a que se establecen as relacións entre os sexos. De feito, a violencia e os malos tratos teñen formado parte da vida cotiá de moitas mulleres ao longo da historia. Mais esta violencia estaba normalizada e naturalizada, co que non tiña recoñecemento como tal, simplemente era invisibilizada e ocultada. Grazas aos movementos de mulleres esta comezou a ser percibida e a ter un impacto social.

Na actualidade dispoñemos de mecanismos legais e administrativos para a visibilización e tratamento da violencia de xénero, pero aínda o camiño xurídico que unha muller debe seguir para saír da espiral de violencia, ás veces, non é totalmente coñecido.

Esta guía, elaborada pola Asociación de Mulleres Xuristas Themis, é unha axuda para coñecer de preto a administración de xustiza, o sistema xudicial penal e o sistema xudicial civil no referido á violencia de xénero. Aínda que, en principio, está orientada fundamentalmente ás mulleres que sofren violencia de xénero e que deciden dar o paso de denunciar a súa situación, tamén é un complemento útil para os e as profesionais dos servizos sociais, sanitarios e das forzas e corpos de seguridade.

O acceso á información é unha das claves para previr e detectar a violencia de xénero, de aí que agardemos que esta guía poida chegar ao maior número de persoas para poder crear unha verdadeira rede social, de mulleres e homes, contra a violencia de xénero.

Carme Adán Villamarín  
*Secretaria xeral da Igualdade*



# Índice

Presentación da Guía _____	9
A violencia de xénero nas relacións de parella _____	11
Manifestacións da violencia de xénero _____	11
A Administración de Xustiza ante a Violencia de Xénero _____	15
Recomendacións ante unha situación de maltrato	
Plan de seguridade _____	16
Actuacións cando se produce unha agresión _____	19
A violencia de xénero e o sistema xudicial penal _____	23
Actuacións ante a xurisdición penal _____	25
Primeiras actuacións no xulgado _____	32
Medidas cautelares de protección da vítima _____	38
Protección especial para os e as menores _____	45
Procedementos penais que se poden iniciar coa denuncia _____	47
Composición do tribunal _____	51

Recomendacións a ter en conta para o xuízo _____	53
A sentenza _____	55
Suspensión das penas privativas de liberdade _____	55
A violencia de xénero e o sistema xudicial civil _____	57
Actuacións ante a xurisdición civil _____	59
Medidas provisionais previas ao procedemento de separación, divorcio ou garda e custodia _____	62
Recomendacións a mulleres inmigrantes _____	66
Dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero nas relacións de parella _____	68
Cuestións máis frecuentes _____	73
Algúns termos xurídicos _____	77
Formularios _____	81
Enderezos de interese _____	89

## Presentación da Guía

A

guía que tes nas túas mans pretende informar sobre a resposta que a Administración de Xustiza dá á violencia de xénero e qué actuacións son necesarias para que dita resposta xudicial sexa rápida e efectiva.

**A violencia de xénero nas relacións de parella** atenta contra dereitos fundamentais das mulleres, a saúde física e psíquica, a liberdade, a seguridade; dereitos que poden resumirse nun só, o **DEREITO A VIVIR SEN VIOLENCIA**. Por iso non é unha cuestión privada senón un gravísimo problema que afecta a toda a sociedade e como tal leva unha **RESPOSTA XUDICIAL DESDE DÚAS PERSPECTIVAS:**

**A penal**, por canto a violencia no ámbito familiar é un delito e a lei establece un castigo para o agresor e prevé unha serie de medidas de protección que eviten futuras agresións e salvagarden os dereitos da vítima;

**A civil**, tendo en conta que, unha vez tomada a decisión de separarse do agresor un/ha xuíz/a ha de establecer, conforme á lei, unha **serie**

de medidas persoais e económicas en relación coa muller e os fillos e fillas, e tamén respecto dos cónxuxes no caso de contraer matrimonio. Estas medidas -en relación coa garda e custodia, uso do domicilio familiar, contribucións económicas-, adoptadas con carácter urxente e provisional, fan posible que a muller poida iniciar unha nova vida.

As destinatarias da guía son principalmente as mulleres que son agredidas pola súa parella e os seus fillos/as que son vítimas indirectas e, por desgraza con gran frecuencia, tamén directas destas agresións e a calquera persoa do contorno familiar ou social da vítima que lle poida brindar o seu apoio.

Por este motivo nesta guía prima, sobre o rigor xurídico, a sinxeleza e a claridade.

## A violencia de xénero nas relacións de parella

**A**

violencia de xénero é a manifestación máis grave da desigualdade. Comprende calquera agresión física, psicolóxica ou sexual sobre as mulleres polo mesmo feito de selo e é utilizada polo home para exercer o seu poder e manter á muller nunha posición de subordinación.

A violencia de xénero prodúcese en todos os ámbitos das relacións persoais: maltrato nas relacións de parella, agresión sexual na vida social e acoso no medio laboral.

Denomínase violencia doméstica aquela que se produce no ámbito familiar. Entre agresor e vítima existe ou existiu unha relación de afectividade ou parentesco. Así se inclúen no concepto de violencia doméstica as agresións por parte do cónxuxe ou parella, con ou sen convivencia, actuais ou pasados; do pai ou nai; dos fillos e fillas...

### Manifestacións da violencia de xénero

A violencia, en xeral, e a violencia de xénero nas relacións de parella, en particular, pode ter distintas manifestacións:

**Violencia Física.** Calquera agresión dirixida ao corpo da muller como empurrar, beliscar, abanear, morder, dar puñadas, patadas, labazadas, intentar estrangular, etc.. Tamén inclúe lanzar obxectos ou causar feridas cunha arma ou calquera instrumento (un cinto, un pau, unha botella...).

**Violencia Psicolóxica.** Causar dor e sufrimento emocional mediante accións que degradan ou controlan á muller, como insultos, comentarios humillantes sobre o aspecto físico, a falta de habilidades, acusacións repetidas de infidelidade, control das amizades e do diñeiro, ameazas de afastar á nai dos seus fillos/as, ameazas de morte ou de ocasionar un mal...

**Violencia Sexual.** A participación forzada en calquera tipo de actividade sexual. Ninguén ten dereito a obrigar a unha muller a ter relacións sexuais se ela non quere, tampouco o cónxuxe ou compañeiro. Se se utiliza a forza ou se ameaza para conseguir o consentimento da muller, prodúcese unha agresión sexual.


A miúdo, tras un episodio de violencia física, o agresor esixe manter relacións sexuais, o que supón unha nova agresión pois a muller, dada a situación psíquica e emocional en que se atopa, non é libre para prestar o seu consentimento.

\* Con gran frecuencia a muller tarda anos en poñer fin á situación de violencia da que é vítima, sucedéndose os distintos tipos de agresións descritas. Esta situación, que atenta contra a paz familiar e na que o agresor provoca un ambiente de dominación e temor que é sufrido por toda a familia é o que se denomina **VIOLENCIA DOMÉSTICA OU FAMILIAR**.

O maltrato é un proceso cíclico que se inicia cunha fase de acumulación de tensión (agresións verbais e psíquicas), seguida dunha fase de estoupido da violencia física (golpes, descontrol) e que culmina nunha fase de falso arrepentimento do agresor (“non volverá ocorrer”, “todo cambiará”...). Este é o chamado **CICLO DA VIOLENCIA**, que se repite unha e outra vez e cada vez é máis violento e máis curto no tempo.

A violencia de xénero, en todas as súas manifestacións e ámbitos, atenta gravemente contra os **DEREITOS HUMANOS DAS MULLERES**. Ademais das lesións físicas (feridas de menor ou maior gravidade e ata a morte) que poden ocasionar as agresións físicas, tanto estas como as agresións sexuais e psicolóxicas, máis aínda cando se sofren de forma reiterada, ocasionan na vítima graves danos psicolóxicos: perda de autoestima, depresión, ansiedade... e tamén enfermidades: dores crónicas de cabeza, costas, desordes do sono, trastornos gastrointestinais....

# Tipoloxía da violencia familiar





## A Administración de Xustiza ante a Violencia de Xénero

**A**

violencia de xénero, en calquera das formas antes descritas, é contraria á lei, por atentar contra os dereitos básicos das mulleres.

O sistema xudicial contempla, desde dous ámbitos, penal e civil, distintos procedementos para protexer á vítima dunha agresión, deter o ciclo da violencia e reintegrar á muller o seu dereito a vivir en paz e seguridade.

Os procedementos penais e civís son independentes, perseguen distintas finalidades e proporcionan á vítima diferentes solucións ou medidas, pode xa que logo acudirse a calquera deles ou a ambos á vez.

Acudindo ao SISTEMA XUDICIAL PENAL pode imporse un castigo ou pena para o agresor como autor dun delito ou falta. Ademais no procedemento e durante a súa tramitación, o xuíz/a pode adoptar medidas dirixidas á protección da vítima, como pode ser a prohibición de que o agresor se achegue a ela, ao seu domicilio ou traballo.

No **ÁMBITO CIVIL**, pódese solicitar e obter unha resolución ou decisión xudicial relativa á garda e custodia dos fillos e fillas, o uso en exclusiva da vivenda familiar e desaloxo do agresor, o pago dunha prestación económica, etc.. Esta decisión do xuíz/a pode obterse, con carácter provisional e dun xeito urxente, facendo posible que a muller poida iniciar unha nova vida nun ambiente de paz e seguridade.

As distintas respostas xudiciais obtéñense tras exercer o que se denomina unha acción, penal e/ou civil, e a través da tramitación dun procedemento ou proceso xudicial. Para iso son necesarios coñecementos legais e, aínda que esta guía che axude a comprender o funcionamento da Administración de Xustiza ante a violencia familiar, é imprescindible que acudas a Centros de Información ás Mulleres, ao teléfono de información ás mulleres: 900-400.273, aos servizos sociais de base ou a asociacións de mulleres para que te poidan informar, e prestarche asesoramento e información para tramitar **ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA**, é dicir, facilitarche un avogado/a que realice no teu nome todas as actuacións necesarias para que os teus dereitos e intereses estean real e axeitadamente defendidos.

Hai actuacións xudiciais que poden realizarse sen necesidade de avogada/o, aínda que para estes trámites, é absolutamente necesario que esteas asesorada por estas/es profesionais.

## **Recomendacións ante unha situación de maltrato. Plan de seguridade**

**NINGUNHA MULLER DEBE PERMANECER NUNHA RELACIÓN NA QUE NON SE RESPECTA A SÚA DIGNIDADE COMO PERSOA NIN SE LLE RECOÑECE COMO IGUAL.** Aínda así, tomar a decisión de poñer fin á relación co agresor non sempre é fácil, podes buscar axuda nos Centros de Información ás Mulleres e asociacións especializadas que che informarán e apoiarán nas actuacións que debes levar a cabo.

Se aínda non tomaches a decisión de saír da situación de violencia ou se xa o decidiches pero continúas convivindo co agresor, é conveniente que sigas algunhas recomendacións para reducir o perigo de posibles agresións e para actuar no caso de que se produza un novo episodio violento, é o que se denomina **PLAN DE SEGURIDADE**.

1. Cando se produza ou creas que se pode producir unha nova agresión:
  - ✓ evita estar en lugares nos que o agresor poida acceder a obxectos perigosos, como a cociña.
  - ✓ permanece nunha habitación fóra do alcance do agresor e próxima á porta da rúa co fin de facilitarche a saída do domicilio.
  - ✓ refúxiate coas túas fillas e fillos na casa dun veciño/a.
  - ✓ pecha todas as entradas se o agresor saíu do lugar.
2. Inventa unha linguaxe de signos ou sinais que che permita comunicarlles aos teus fillos/as o momento no que deben saír do domicilio familiar e acudir á casa dun veciño onde poidan refuxiarse e pedir axuda.
3. Pon en coñecemento dalgún veciño/a da túa confianza a túa situación e pídelles que chame á policía no momento en que oia calquera suceso violento no domicilio familiar.
4. Pensa no domicilio dalgunha persoa amiga ou familiar onde refuxiarte ata que non exista risco e poidas regresar ao teu domicilio. Se non contas con ningunha persoa que poida axudarche, localiza con anterioridade o enderezo e o teléfono dos servizos de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero onde poderás pedir axuda e un aloxamento de urxencia. (teléfono de información ás mulleres: 900-400.273)

5. Ensínalles aos teus fillos/as a marcar o teléfono de urxencias (112) onde poderás solicitar o auxilio da policía, garda civil, servizos médicos de urxencias...
6. Ten sempre a man:
  - ✓ Documento Nacional de Identidade (tarxeta de residencia ou pasaporte se es estranxeira).
  - ✓ Un xogo de chaves de reserva do domicilio e do coche.
  - ✓ Un xogo de roupa para ti e os teus fillos e fillas
  - ✓ Carta ou tarxetas sanitarias.
  - ✓ Axenda de teléfonos na que debes incluír todos os teléfonos de amigos ou familiares que poidan apoiarte así como os números de teléfonos de Centros de Información ás Mulleres ou asociacións ás que podes chamar solicitando axuda.
  - ✓ Contrato de compra-venda ou arrendamento da vivenda.
  - ✓ Libro de familia.
  - ✓ Denuncias e informes médicos de agresións anteriores.
  - ✓ Caderno, talonario e/ou tarxetas bancarias.
  - ✓ Documentos que acrediten os ingresos e os gastos familiares.
7. Ten en conta que é conveniente que contes cunha cantidade de diñeiro que che permita facer fronte aos gastos teus e dos teus fillos/as ata que haxa unha resolución xudicial que fixe unha achega económica por parte da túa parella ou cónxuxe. Se é posible ten unha pequena cantidade de diñeiro aforrada.

8. Se o teu teléfono grava os últimos números marcados, cando realices algunha chamada pedindo información ou axuda en relación coa situación de maltrato, ten a precaución de marcar posteriormente un número de teléfono que non infunda sospeitas ao agresor, o duns amigos ou familiares, para evitar que o agresor descubra o número ao que realmente chamaches.

## Actuacións cando se produce unha agresión

Ademais de seguir as medidas do plan de seguridade, se sofres unha agresión, é necesario que realices algunhas actuacións que serán de gran utilidade nos procedementos xudiciais, penais ou civís, que inicies con posterioridade. A maioría destas actuacións tenden a que quede probada a realidade da agresión e outras teñen como finalidade a túa protección.

- ▶ **CHAMA Á POLICÍA (091) OU Á GARDA CIVIL (062)**, dá o teu nome e o enderezo onde te atopas e solicita axuda. A policía mandará unha patrulla ao lugar onde ocorreu a agresión; mentres esta chega é conveniente que sigas rigorosamente as súas indicacións.

É posible que a policía ou a garda civil procedan á detención do agresor, trasladándoo á comisaría.

- ▶ Se podes, **AVISA A ALGÚN VECIÑO/A** ou **FAMILIAR QUE POIDA PRESENCIAR** e posteriormente declarar como testemuña no procedemento xudicial sobre:

- O teu estado físico (golpes, feridas, erosións, inchazóns, etc.) e anímico (medo, angustia, etc.) logo da agresión,
- A situación física e anímica dos fillos/as.

- Os danos producidos na vivenda, as roupas, o enxoval...
- A actitude do agresor.

▶ **RECOLLE E GARDA** toda a **DOCUMENTACIÓN PERSOAL** túa e dos teus fillos e fillas (DNI, tarxeta de residencia ou pasaporte, libro de familia, carta ou tarxetas da Seguridade Social, caderno, talonario ou tarxeta bancaria...), así como aquela que vai resultar útil nos procedementos xudiciais (**DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS INGRESOS E DOS GASTOS FAMILIARES**: nóminas, xustificantes de pago de horas extras, recibos do aluguer, facturas de electricidade, teléfono, seguro médico, pediatras, farmacia, supermercado, gastos de escolaridade dos fillos e das fillas e actividades extraescolares; **DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DE AGRESIÓNS ANTERIORES**: denuncias, informes médicos, sentenzas...).

▶ Conserva todos os **XUSTIFICANTES DOS GASTOS QUE SE PRODUCAN COMO CONSECUENCIA DA AGRESIÓN** (gastos médicos, farmacéuticos, desprazamentos...). Toda esta documentación necesitala para acreditar os danos económicos que a agresión supuxo e reclamar o seu importe ao agresor.

▶ **SE SE PRODUCIRON LESIÓNS FÍSICAS**, ademais das anteriores actuacións, é conveniente que sigas as seguintes recomendacións:


- **ASISTE A UN CENTRO MÉDICO-SANITARIO.** O parte médico de urxencias será remitido ao Xulgado de Garda. É conveniente que expliques con precisión todas e cada unha das lesións sufridas, se tamén te forzou a manter relacións sexuais e se tes sinais de agresións anteriores.
- **TOMA FOTOGRAFÍAS DAS LESIÓNS.** Ten en conta que é posible que pasen días ata que sexas citada polo xulgado para que o médico/a

forense examine as lesións sufridas e para entón estas poden desaparecer totalmente. Será de gran axuda que ti poidas aportar fotografías nas que se poidan observar as lesións tal e como eran nos días inmediatamente posteriores á agresión.

- **ACODE AO MÉDICO/A DE FAMILIA**, pon no seu coñecemento os feitos sucedidos para que poida realizar un seguimento das lesións. Non esquezas que lesións son tanto as físicas como as psíquicas.
- **GARDA COPIA DE TODAS AS RECEITAS E INFORMES MÉDICOS**, é moi importante que teñas no teu poder documentos médicos acreditativos de todas as consultas e asistenciais médicas que necesites para curar as túas lesións.
- **SE FUCHES OBRIGADA A MANTER RELACIÓNS SEXUAIS** non te laves e acode ao servizo de urxencias ou de xinecología do hospital, explícalles de que xeito ocorreron os feitos sen avergoñarte por iso.

**SOLICITA ASESORAMENTO XURÍDICO: COÑECER OS  
TEUS DEREITOS AXUDARACHE A TOMAR AS DECISIÓNS  
AXEITADAS  
TELÉFONO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES: 900-400.273**

## Actuacións xudiciais



## Vía Penal

Xulgado de Instrucción /  
Xulgado Penal /  
Audiencia Provincial

Denuncia / Querela / Atestado

Solicitud de medidas  
de protección

Xuízo

Sentenza

Ámbalas dúas vías son complementarias e poden iniciarse no mesmo momento obtendo respostas xudiciais distintas.

(\*) Inclúese no concepto de Contribución ás cargas do matrimonio as pensións de alimentos para os fillos e as fillas, para a esposa/compañeira se non ten independencia económica, ou aluguer da vivenda, a cota do préstamo hipotecario, e calquera outra cantidade á que se veña facendo fronte como gasto familiar.



## A violencia de xénero e o sistema xudicial penal

# A


s agresións físicas, psíquicas e/ou sexuais constitúen unha infracción penal.

Na actualidade todas as expresións da violencia de xénero nas relacións de parella son **DELITO**. Como excepción, seguen tendo a consideración de falta -infracción penal leve- as inxurias, é dicir, os insultos, sempre que pola súa entidade ou reiteración non deban considerarse delito.

Cando as agresións físicas ou psíquicas cara á muller e/ou aos seus fillos e fillas se producen de forma reiterada castíganse como un delito específico: o **DELITO DE VIOLENCIA HABITUAL**.

Normalmente cando a muller decide poñer fin á situación de violencia que está sufrindo, sucedéronse numerosas agresións de todo tipo (lesións, insultos, ameazas, humillacións, ataques á autoestima...), vivindo nun clima de auténtico terror en lugar dun ambiente de paz e seguridade familiar.

Por iso, na práctica, case a totalidade dos casos de violencia de xénero nas relacións de parella **DEBEN SER CONSIDERADOS E AXUIZADOS COMO DELITO DE VIOLENCIA HABITUAL**.



Aínda que para que exista o delito de violencia habitual se teñen en consideración as agresións que a muller foi sufrindo de forma reiterada, isto non significa que estas queden sen ningún castigo. Ademais do delito de violencia habitual deberanse axuizar e condenar polas distintas agresións sufridas.

Cando a violencia de xénero no ámbito familiar, isto é, as distintas agresións que se produciron, se poñen en coñecemento da autoridade policial ou xudicial, a través dunha **DENUNCIA**, dáse inicio a un **PROCEDIMENTO PENAL**, no que é posible solicitar **MEDIDAS DE PROTECCIÓN**, e no que, tras diversos trámites, se celebrará un **XUÍZO** e se ditará unha **SENTENZA**.

## Actuacións ante a xurisdición penal

### A denuncia

Denunciar as agresións das que fuches vítima non só é UN DEREITO senón tamén é a forma de rachar coa situación de violencia que vés sufrindo e o xeito de poñer en marcha os mecanismos de protección da Administración de Xustiza.

ANTES DE INICIAR NINGÚN TRÁMITE LEGAL É NECESARIO QUE TE ASESORES CONVENIENTEMENTE. Para iso podes acudir aos Centros de Información ás Mulleres, ao teléfono de información ás mulleres: 900-400.273, aos servizos sociais de base e ás asociacións especializadas que prestan asesoramento xurídico gratuíto.

### Que feitos se poden denunciar

Pode denunciarse toda situación na que a túa parella leve a cabo contra ti e/ou os teus fillos/as, ameazas, coaccións, insultos, agresións físicas aínda que non produzan lesión, agresións sexuais e todos aqueles actos de violencia que se recollen ao principio desta guía.

As agresións que se producen no ámbito familiar, cando ocorren de forma reiterada, son un **DELITO DE VIOLENCIA HABITUAL**. A lei castiga, ademais de cada unha das distintas agresións que se foron producindo, a violencia física ou psíquica exercida de forma reiterada polo cónxuxe ou compañeiro (actual ou pasado).

### Onde se presenta a denuncia

- ⇒ Comisaría de policía nacional (servizo de atención á muller –SAM-, ou servizo de atención á familia –SAF-, se o hai; se non os hai pide se é posible que che tome a declaración unha muller policía).
- ⇒ Posto da garda civil (equipo muller e menor –EMUME-; se non o hai pide que, se é posible, che tome declaración unha muller garda civil).
- ⇒ Xulgado de garda.
- ⇒ Policía local cando é urxente e non hai comisaría de policía nacional, cuartel da garda civil ou xulgado de garda na poboación.

Podes presentar a túa denuncia en calquera destes lugares, relatando as agresións e situación de violencia sufrida a un/unha axente ou funcionario/a, que recollerá por escrito as túas manifestacións e redactará a denuncia. Tamén é posible presentar a denuncia por escrito, neste caso ante o xulgado.

Só se a denuncia se presenta ante a policía ou a garda civil se tramitará polo denominado “xuízo rápido”.

### Quen pode denunciar

Ti, como vítima dunha agresión e calquera persoa que teña coñecemento dela pode denunciar.

É moi importante que antes de formular a denuncia solicites a información e o asesoramento xurídico necesario a través dos Centros de Información ás Mulleres ou asociacións de mulleres. Debes saber que se non tes medios económicos **tes dereito á asistencia xurídica gratuíta e que podes, e debes polo teu interese, presentar a túa denuncia asistida por un/ha avogado/a** que, ademais de asesorarte previamente, pode acompañarte a formular a denuncia. **(teléfono de información ás mulleres: 900-400.273).**

Se os teus ingresos non superan o dobre do salario mínimo interprofesional, tes dereito a un avogado/a e un procurador/a da quenda de oficio especial, para que asuman a túa defensa e representación gratuítas en todos os procedementos que estean relacionados coa situación de violencia que sufriches.

Para solicitar o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta hai que dirixirse ao colexio de avogados/as correspondente. No colexio de avogados/as e/ou no xulgado, facilitarache o modelo oficial de solicitude.

**Nos Centros de Información ás Mulleres e no colexio de avogados/as poden axudarche a cubrir a solicitude.**

## Que datos debe conter a denuncia

A denuncia vai dar inicio ao procedemento penal, por iso é fundamental que sexa o máis completa e detallada posible e reflicta correctamente a situación de violencia sufrida.

Polo menos, a denuncia debe recoller os seguintes extremos:

- ▶ Os teus datos identificativos (denunciante) e os do agresor (denunciado):
  - ⇒ Nome e apelidos.

- ⇒ Data e lugar de nacemento.
- ⇒ Estado civil.
- ⇒ D.N.I.
- ⇒ Profesión.
- ⇒ Domicilio. (Podes solicitar que o teu domicilio non conste na denuncia, como medida de protección e facilitar o domicilio dun amigo/a e familiar onde poidas recibir notificacións)

- ▶ Relación co agresor (matrimonio con convivencia, matrimonio con separación de feito ou legal, parella de feito, exconvivinte, relación sentimental actual ou pasada).
- ▶ Relato detallado dos feitos ocorridos indicando o día, hora e lugar onde sucederon.
- ▶ Descrición do modo e medios utilizados na agresión (armas, obxectos contundentes...)
- ▶ Relato preciso das palabras concretas utilizadas polo agresor para ameazar, insultar, intimidar...
- ▶ Se como consecuencia da agresión sufriches lesións fainas constar detalladamente, aportando o informe médico se o tes ou, caso contrario, acode a un centro sanitario para ser atendida e solicitar o informe correspondente.
- ▶ Se o agresor ten armas ou acceso a elas.
- ▶ Se se produciron danos na vivenda, roupa, obxectos etc.
- ▶ Fai constar se sucederon feitos similares noutras ocasións indicando, no seu caso, se se presentou denuncia. Se tes denuncias ou informes médicos de agresións anteriores aporta copia.

- ▶ Se nunca antes presentaches denuncia describe as agresións anteriores, indicando onde e cando se produciron, se non lembrás a data exacta intenta fixar cando ocorreron aproximadamente (en Nadal, nun aniversario...). Indica tamén se as agresións se producen de forma reiterada e se existe un clima familiar de temor constante.
- ▶ Facilita os datos persoais e domicilio das testemuñas se as hai.
- ▶ Se tomaches a decisión de saír do domicilio familiar, pola túa seguridade e a dos teus fillos e fillas, deixa constancia deste feito na denuncia que debes presentar e se podes facilita como enderezo o domicilio dun familiar ou amiga/o onde ti non residas e onde poidan recoller todas as notificacións e comunicacións do Xulgado.
- ▶ Se non queres facilitar un enderezo polo temor a sufrir unha nova agresión, solicita o tratamento confidencial do lugar ao que te vas trasladar.
- ▶ Solicita a **ORDE DE PROTECCIÓN**. Pide que che faciliten o formulario de solicitude e cúbreo seguindo as indicacións e consellos desta guía. Se o necesitas, podes pedir que che axuden a completar o formulario.

### Debes saber:

- ◆ Que a autoridade policial ou xudicial está obrigada a recoller a túa denuncia.
- ◆ Antes de asinar a túa denuncia tes que ler o seu contido e asegurarte de que se recolleron os feitos tal e como ti os relataches. Se non é así tes dereito e debes solicitar que se amplíe ou modifique a denuncia.
- ◆ Solicita sempre que se che entregue copia da denuncia formulada.
- ◆ Podes pedir protección e acompañamento da policía ou garda civil para volver á túa casa ou, no seu caso, retirar do domicilio familiar a túa roupa e obxectos persoais.

## Que trámites segue a denuncia

As indicacións que seguen a continuación van encamiñadas a que entendas como funciona o procedemento xudicial que se inicia tras a presentación da denuncia. Lembra que é **FUNDAMENTAL** que sempre **PROCURES ASESORAMENTO A TRAVÉS DE AVOGADAS/OS ESPECIALISTAS NA MATERIA** que te guíen en todo o procedemento e defendan os teus intereses.

## Se a denuncia se presenta na garda civil ou comisaría de policía

Tanto a garda civil como a policía remitirán a denuncia ao xulgado, antes de facelo, levarán a cabo actuacións encamiñadas a acreditar os feitos que denuncias, o conxunto destas actuacións denomínase atestado ou dilixencias. Entre as actuacións que poden practicar atópanse:

- Toma de declaración ao agresor/denunciado. Presentada a denuncia a policía ou garda civil citará ao denunciado co fin de tomarlle declaración. Tamén é posible que se proceda á **detención do agresor** quen poderá ser posto en liberdade ou trasladado a disposición xudicial.
- Declaración de testemuñas.
- Inspección ocular da que se levantará acta e reportaxe fotográfica do lugar onde se produciron os feitos.
- Recollida das chamadas “pezas de convicción” (por exemplo: roupa rachada ou con manchas de sangue, armas utilizadas na agresión, escritos ameazantes, etc).

Se a denuncia se vai tramitar como “**xuízo rápido**”, a policía ou garda civil entregaranche unha **CITACIÓN** para que comparezas ante o xulgado nos días seguintes. Tamén citará ao denunciado/agresor e ás testemuñas para o mesmo día.



Cando presentes a denuncia, **SOLICITA QUE SE CHE INFORME SOBRE OS PASOS QUE VAI SEGUIR E O XULGADO AO QUE SE VAI REMITIR O ATESTADO**. Así mesmo, pide que se che informe sobre o **número de dilixencias ou Atestado que se lle vai dar, este número será fundamental para poder localizar a denuncia unha vez que se reciba no xulgado**.

## Se a denuncia se presenta no xulgado de garda

Cando a denuncia se presenta ante o xulgado de garda, o/a xuíz/a pode adoptar medidas cautelares e/ou de protección á vítima de forma inmediata.

Noutro caso a denuncia será remitida ao xulgado que corresponda atendendo ás normas de repartición internas.

Para que a tramitación da denuncia se realice polo procedemento ou “xuízo rápido” debe presentarse ante a comisaría de policía ou cuartel da garda civil. Se se realiza ante o xulgado de garda a denuncia non se pode tramitar por este procedemento.

## Primeiras actuacións no xulgado

Unha vez presentes a denuncia recibirás unha notificación (citación), na que se che indicará que acudas (comparezas) ao xulgado de violencia sobre a muller ou, de non existir, ao xulgado de instrución, nun día e hora determinados para: practicar algunha dilixencia, tomarche declaración e/ou ser recoñecida polo médico/a forense, intervir na comparecencia para decidir sobre a solicitude de orde de protección, etc.

Se tes avogado ou avogada debes ir acompañada deste profesional nesta primeira actuación ante o xulgado.

Se aínda non tes avogado ou avogada, contacta inmediatamente cos Centros de Información ás Mulleres ou asociacións especializadas, onde che poderán prestar toda a información e asesoramento que necesitas e proporcionarche un avogado/a que defenda os teus intereses, ben da quenda de oficio especial de violencia de xénero, se existe no colexio de avogados da túa localidade, ben a través das asociacións que contan con programa de defensa legal gratuíta a mulleres vítimas de violencia de xénero.

Nesta primeira comparecencia ante o xulgado pedirásche que “ratifiques” a túa denuncia, é dicir, que te reiteres nela, poderás prestar declaración e serás informada dos teus dereitos como vítima e farásche o que se denomina “ofrecemento de accións”. Esta expresión significa a posibilidade que tes de exercer a acción penal e civil, por medio dun avogado/a e procurador/a e intervir de forma activa no procedemento penal.

Ademais practícaranse as dilixencias para as que sexas citada (declaración, exame polo médico/a forense...) e se a solicitaches, celebrarase unha comparecencia ou vista para resolver sobre a orde de protección.

### **Que facer se non se recibe ningunha comunicación para ir ao Xulgado**

Se transcorrida unha ou dúas semanas desde que presentaches a denuncia non fuches citada para ir ao xulgado, acode á sede dos xulgados e localiza o procedemento mediante a copia da denuncia e/ou o número de Atestado que che facilitaron na comisaría de policía ou cuartel da garda civil.

Unha vez que coñeces o xulgado e o número de procedemento que corresponde á túa denuncia, acode a el e solicita do persoal do xulgado que se che informe do trámite no que se atopa este procedemento.

No caso de que non se che facilitase información solicita falar co secretario/a xudicial ou o xuíz/a manifestando o teu interese en coñecer o estado no que

se atopa o procedemento. Este dereito vén recollido na Lei orgánica do Poder Xudicial (artigo 234).

## Que facer se o Xulgado archiva o procedemento penal

No caso de que o procedemento penal se archive deben comunicarcho para que poidas recorrela. No instante en que teñas coñecemento do seu arquivo procura asesoramento rapidamente dunha avogada/o ou pide a designación no xulgado de avogada/o da quenda de oficio, solicitando expresamente que quede en suspenso o prazo para recorrer.

O prazo para presentar recurso de reforma **CONTRA O AUTO DE ARQUIVO**, e que poida continuarse coa tramitación da **DENUNCIA**, É SÓ DE 3 DÍAS naturais, é dicir, incluídos sábados, domingos e festivos, **DESDE QUE SE NOTIFICA O AUTO**. Se non se interpón xunto co de reforma, pode presentarse Recurso de apelación no prazo de 5 DÍAS naturais.

## Dereitos das vítimas do delito

- ▶ Tes dereito a denunciar as agresións sufridas e a iniciar o procedemento penal.
- ▶ A túa declaración, tanto no xulgado como ante calquera autoridade policial, e calquera actuación no procedemento, debe levarse a cabo con **RESPECTO DA TÚA SITUACIÓN PERSOAL, DOS TEUS DEREITOS E DA TÚA DIGNIDADE**.
- ▶ Debes ser informada en termos claros das posibilidades de obter no proceso penal a **RESTITUCIÓN E REPARACIÓN DO DANO SUFRIDO** e das posibilidades de lograr o **BENEFICIO DE XUSTIZA GRATUÍTA**.

## Dereito á Información




### Art. 234 L.O.P.J.

Os secretarios e persoal competente dos xulgados e tribunais facilitarán aos interesados canta información soliciten sobre o estado das actuacións xudiciais, que poderán examinar e coñecer salvo que sexan ou fosen declaradas secretas conforme á lei. Nos mesmos casos, expediranse os testemuños que se soliciten con expresión do seu destinatario, salvo nos casos en que a lei dispoña outra cousa”

**Ao ser a vítima INTERESADA, pode solicitar, en calquera momento, información sobre o procedemento iniciado como consecuencia da denuncia.**

- ▶ Podes **SOLICITAR E RECIBIR INFORMACIÓN** sobre o estado das actuacións xudiciais.
- ▶ Debes ser **informada da data e lugar de celebración do xuízo** correspondente.
- ▶ Tes **dereito a que se che notifique persoalmente a sentenza** que se dite no procedemento.
- ▶ Podes **solicitar** a adopción de **medidas de protección así como a omisión de todos os datos referentes á túa vida privada**.
- ▶ Tes **dereito a que se che notifique calquera resolución que poida afectar á túa seguridade** (por exemplo se o denunciado está en prisión provisional deberán comunicarche se o poñen en liberdade; se está cumprindo pena de prisión e se lle dá permiso penal deberán comunicarcho para que poidas solicitar que se lle prohíba expresamente achegarse a ti).
- ▶ Tes dereito a que o xulgado che notifique, se se produce, o **auto de arquivo**.
- ▶ Podes solicitar a **celebración do xuízo a porta pechada** sendo o/a xuíz/a quen tomará a decisión final.
- ▶ Debes ser informada do **dereito a ser “parte procesual”** no proceso penal.
  - **No caso de que te mostres parte no procedemento** exercerás o que se chama **“acusación particular”**, para iso tes que estar asistida de avogada/o e procurador/a, terás unha participación activa no proceso a través destas/es profesionais que levarán a cabo a defensa dos teus intereses. Poderás propoñer a práctica de dilixencias de proba e terás coñecemento, en todo momento, da situación na que se atopa o procedemento. Así mesmo, formularás acusación, solicitando que se condene ao agresor a unha pena e a que te indemnice polas lesións e danos causados.



**NUNCA ACUDAS SOA AO XULGADO. ASESÓRATE PREVIAMENTE E ASISTE ACOMPAÑADA DUN/DUNHA AVOGADO/A QUE DEFENDA OS TEUS INTERESES**

- **Se non te mostras parte no proceso como acusación particular**, o ministerio fiscal será quen formulará acusación, ou non, nos termos que estime convenientes á luz das probas que se practiquen. Ti **non poderás solicitar dilixencias de proba** e tampouco **poderás formular unha acusación contra o teu agresor**, a túa posición no proceso será unicamente como “DENUNCIANTE/TESTEMUÑA”.
- No xuízo de faltas pódese ser “parte procesual” ata o momento do xuízo. Nos procedementos penais por delito unha vez finalizada a fase de instrución (fase de investigación e práctica de dilixencias) xa **NON** é posible ser parte, isto é persoarse como acusación particular con avogado/a e procurador/a.
- Nos denominados “xuízos rápidos” se queres intervir como “acusación particular” deberás acudir acompañada á primeira citación ante o xulgado con avogado/a ou solicitar de forma inmediata que te asista un profesional da quenda de oficio; se non o fas xa non poderás persoarte no procedemento.
- Tes **dereito á asistencia xurídica gratuíta**. Se os teus ingresos non superan o dobre do salario mínimo interprofesional ou, aínda que sexan superiores, se existen circunstancias que denotan a falta de recursos económicos, podes acceder ao beneficio da xustiza gratuíta. Este dereito supón a posibilidade de obter a designación de avogada/o e procurador/a de quenda de oficio que levarán a cabo a defensa dos teus intereses sen que teñas que abonar os seus honorarios. A solicitude de avogado e procurador desta quenda debe realizarse no mesmo xulgado onde se tramita o procedemento ou no colexio de avogados da localidade. Nalgunhas cidades, e prevese que no futuro existan en todas, existe unha **QUENDA DE OFICIO ESPECIAL** e o avogado/a designado encárgase da defensa da vítima en todos os procedementos penais, civís e administrativos que sexa necesario tramitar pola situación de violencia e a ruptura da parella.

## Medidas de protección para as vítimas a adoptar polo Xulgado de Instrución

(A)

### Vítima sen fillos/as

Desaloxar o agresor do domicilio familiar

Prohibición ao agresor de residir en determinado barrio, poboación ou comunidade autónoma

Prohibición ao agresor de achegarse ao barrio, poboación ou comunidade autónoma onde reside ou traballa a vítima

Prohibición de comunicación telefónica, por carta ou calquera outro medio coa vítima

Que para as dilixencias de proba NUNCA sexan citados ao mesmo tempo a vítima e o imputado

Que nunca se acorden acareos entre a vítima e o agresor

**Todas estas medidas poden ser:**

**1º adoptadas polo/a xuíz/a de oficio**

**2º pedidas pola vítima**

**3º pedidas polo/a fiscal**

**4º pedidas polo/a avogado/a que defenda a vítima**

**O/a xuíz/a está obrigado a resolver sobre estas peticións con urxencia**

(1). Art. 158 do código civil.

(B)

### Vítima con fillos/as

As mesmas que no apartado (A) e ademais:

Prohibición ao agresor de achegarse ao barrio ou poboación onde estea a gardería ou centro de estudo dos menores protexidos

Acordar a cargo do agresor a prestación de alimentos para prover as futuras necesidades dos fillos/as (1)

A suspensión do réxime de visitas e comunicación do agresor cos/as fillos/as

(C)

### Vítima/s acolidas noutro domicilio distinto ao familiar (casa de acolida, casa de familiares, amigos, etc.)

As mesmas que no apartado (A), (B) e ademais:

Que non conste no procedemento ningún dato identificativo do domicilio ou centro de traballo da vítima

Que as citacións e notificacións se fagan na mesma sede xudicial e o mesmo xulgado as faga chegar reservadamente á vítima

Que se acorde a protección policial durante os desprazamentos da vítima e nas oficinas xudiciais ou onde teñan que realizarse as dilixencias de proba



- Se se cumpren determinados requisitos, **tes dereito a acceder tanto ás axudas económicas** previstas para as vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual **como ás demais axudas articuladas pola Xunta de Galicia.**

## Medidas cautelares de protección da vítima

A finalidade das MEDIDAS CAUTELARES é outorgar protección á vítima dun delito.

A Lei regula de xeito especial estas medidas de protección para as mulleres que sofren agresións por parte da súa parella e en xeral para as vítimas de violencia no ámbito familiar.

Este sistema especial artículase ao redor da denominada ORDE DE PROTECCIÓN coa que se pretende outorgar unha protección urxente ás vítimas de violencia familiar, a través da adopción de medidas de natureza penal, que impidan a realización de novos actos violentos, e de medidas de índole civil e social, que eviten o desamparo das vítimas.

A orde de protección pode ser solicitada pola muller vítima de violencia de xénero nas relacións de parella, polos seus fillos e fillas, polas persoas coas que convivan, polo ministerio fiscal ou por calquera administración da que dependan os servizos de atención ou acollida. O xuíz/a que ten coñecemento da situación de violencia tamén pode acordala de oficio.

Para solicitar a orde de protección terás que completar o modelo normalizado ou formulario que che deberán facilitar na sede dos xulgados e da fiscalía, nas comisarías de policía e cuarteis da garda civil, nas oficinas de atención á vítima, nos servizos sociais ou institucións asistenciais dependentes das administracións públicas, ou nos servizos de orientación xurídica dos colexios de avogados.

Os datos que deberás incluír na solicitude son os seguintes:

1. Organismo receptor do formulario, é dicir, ao que entregas a solicitude.
2. Os teus datos persoais ou, no seu caso, os da persoa que solicita a orde de protección, indicando a relación que lle une coa vítima.
3. Os datos da persoa denunciada -agresor-, fronte ao que se pide a protección.
4. A túa relación coa persoa denunciada (cónxuxe, ex cónxuxe, convivinte, noivo).
5. A situación familiar, se hai fillos/as, as súas idades, etc.
6. Unha descrición dos feitos denunciados que motivan a orde de protección. Deberás relatar a última agresión que che decidiu a solicitar a orde de protección, así como os actos violentos que ocorreron con anterioridade sexan ou non denunciados.

Se non tes suficiente espazo no formulario, podes engadir as follas que necesites, o importante é que reflectas dun xeito completo e claro a situación de violencia pola que pasaches. Aporta fotocopia de toda a documentación que teñas en relación co teu relato: denuncias anteriores, partes de lesións...

Se presentas a solicitude de orde de protección ao mesmo tempo que formulas a denuncia, neste apartado podes indicar que a descrición dos feitos consta nela e facer un breve resumo.

É importante que saibas que, aínda que non presentes unha denuncia, os feitos que relatas na solicitude da orde de protección van ser considerados coma se formulases denuncia por eles.

7. Debes facer constar, en caso de sufrir lesións, se fuches asistida nalgún centro médico, así como, se aportas algún parte facultativo.

8. Se desexas asistencia xurídica gratuíta a través da quenda de oficio debes indicalo.
9. Tamén tes que sinalar se queres continuar vivindo no domicilio familiar xunto cos teus fillos/as. É dicir, se queres que se che atribúa a garda e custodia dos/as fillos/as e o uso do domicilio.
10. Indica se desexas que o agresor abandone o devandito domicilio para garantir a túa seguridade.
11. Para rematar, fai constar se necesitas obter algún tipo de axuda económica ou social.
12. Debes indicar os ingresos económicos da familia: se traballas ou non, se o agresor traballa e no seu caso cales son os seus ingresos.

Ademais destes datos, e aínda que non aparezan no formulario, podes engadir outra/s folla/s para pedir outras medidas de protección para ti e/ou os teus fillos e fillas, por exemplo:

- ◆ Suspensión do exercicio da patria potestade ou da garda e custodia dos fillos/as.
- ◆ Suspensión do réxime de comunicacións, visitas e estancias cos fillos/as.
- ◆ Se solicitas a saída do domicilio familiar por parte do agresor pero temes pola túa seguridade, podes pedir ao xuíz/a que che autorice a intercambiar o dereito de uso da vivenda con outra persoa. Esta medida só é posible se o domicilio familiar é propiedade túa ou de ambos.
- ◆ Prohibición de que o agresor se aproxime á vítima e/ou aos seus familiares ou outras persoas á distancia que o xuíz/a determine, é o que se denomina **ORDE DE AFASTAMENTO**.
- ◆ Prohibición de que o agresor se comunique coa vítima e/ou cos seus familiares ou outras persoas por calquera medio: carta, teléfono....

- ◆ Prohibición de acudir a un determinado lugar, barrio, municipio, provincia ou outra entidade local ou comunidade autónoma.
- ◆ Prohibición de residir nun determinado lugar, barrio, municipio, provincia ou outra entidade local ou comunidade autónoma.
- ◆ Suspensión do dereito á tenencia, porte e uso de armas.
- ◆ Omisión de datos identificativos do domicilio da vítima. Esta medida é conveniente no caso de que teñas que saír do teu domicilio e esteas refuxiada en calquera outro. É importante para a túa seguridade que non conste o teu actual enderezo nin na denuncia nin nos procedementos civís ou penais que puidesen seguirse

O organismo ante quen presentes a solicitude da orde de protección ten a obriga de remitila de forma inmediata ao xulgado.

Unha vez recibida a solicitude de orde de protección, o xuíz/a convocará a unha audiencia ou vista urxente á vítima ou o seu representante legal, ao solicitante da orde de protección e ao agresor. A esta comparecencia asistirá tamén o ministerio fiscal e, no seu caso, os/as avogados/as do agresor e a vítima.

O prazo máximo para que teña lugar a audiencia é de **72 horas desde a presentación da solicitude.**

Durante a audiencia, declararás sobre os feitos que denunciaches ou polos que solicitaches a orde de protección e tamén poderás ser preguntada sobre circunstancias da situación familiar, todo iso para que o xuíz/a teña un coñecemento suficiente para adoptar as medidas de protección máis axeitadas ao caso.

Unha vez celebrada a audiencia, o xuíz/a resolverá sobre a solicitude da orde de protección, así como sobre o contido e duración das medidas que incorpore.

En canto ás medidas de natureza penal, o xuíz/a pode adoptar, entre outras, as seguintes:

1. Desaloxo do agresor do domicilio familiar.
2. Incautación de armas ou instrumentos utilizados na agresión.
3. Prohibición de residir nun determinado lugar, barrio, municipio ou provincia ou outra entidade local ou comunidade autónoma.
4. Prohibición de que o agresor se aproxime á vítima e/ou aos seus familiares ou outras persoas á distancia que o xuíz/a determine.
5. Prohibición de que o agresor se comunique coa vítima e/ou cos seus familiares ou outras persoas por calquera medio: carta, teléfono, etc.
6. Prohibición ao agresor de achegarse ao barrio ou poboación onde estea a gardería ou centro de estudo dos menores protexidos.
7. Omisión de datos identificativos do domicilio da vítima.
8. Que as notificacións e citacións da vítima se fagan na mesma sede xudicial.
9. Protección xudicial da vítima nas oficinas xudiciais.

Respecto das **MEDIDAS DE NATUREZA CIVIL** é importante que saibas que **SE NON HAI FILLOS/AS MENORES NON SE ADOPTAN SE NON AS PIDES EXPRESAMENTE NA SOLICITUDE DE ORDE DE PROTECCIÓN**. O ministerio fiscal poderá pedir que se adopten medidas no ámbito civil se hai fillos menores ou incapaces, sempre que non fosen previamente acordadas por un órgano da orde xurisdiccional civil.

As medidas civís que **PODES SOLICITAR** poden consistir en:

1. O uso e goce da vivenda familiar,
2. A atribución da garda e custodia dos fillos e fillas menores.
3. A suspensión do réxime de comunicacións, visitas e estancias do pai cos fillos e fillas ou a forma en que consideras que este debe levarse a cabo.

4. A fixación dunha prestación de alimentos,
5. Calquera disposición que se considere oportuna co fin de afastar ao/á menor dun perigo ou de evitarlle prexuízos.

**LEMBRA: SEMPRE SE HAN DE SOLICITAR EXPRESAMENTE A ADOCIÓN DE MEDIDAS NO ÁMBITO CIVIL.**

As medidas de carácter civil contidas na orde de protección terán unha vixencia temporal de 30 días. Se dentro deste prazo se presentase unha demanda de separación, divorcio ou garda e custodia ou ben unha solicitude de medidas provisionais, as medidas civís adoptadas permanecerán en vigor durante os trinta días seguintes á presentación da demanda ou solicitude. Dentro destes últimos 30 días as medidas deberán ser ratificadas, modificadas ou deixadas sen efecto polo xulgado competente.

**VIXENCIA DAS MEDIDAS CIVÍS DA ORDE DE PROTECCIÓN:**

**30 días ampliados a outros 30 se se presenta demanda civil**

Sen prexuízo do que se resolva en relación coa solicitude da orde de protección, o xuíz/a poderá adoptar en calquera momento da tramitación da causa, medidas cautelares que procedan para a protección da vítima. Ata entón poderá acordar a orde de protección aínda que con anterioridade non se solicitase ou se denegase.

A orde de protección pode facerse valer ante calquera autoridade e administración pública, e debe ser comunicada ás persoas interesadas e ás administracións públicas competentes para a adopción de medidas de protección, sexan

estas de seguridade ou de asistencia social, xurídica, sanitaria, psicolóxica ou de calquera outra clase.

No caso de que o xuíz/a estime improcedente acordar as medidas cautelares que solicitemos, pódese recorrer a súa decisión. Se queres recorrer esta decisión é necesario que o fagas a través de avogada/o, pois é imprescindible que o recurso se presente coa súa sinatura. Se o recurso non está asinado por avogado/a, o xuíz/a nin sequera o terá en conta.


## Protección especial para os e as menores

Aínda que as/os menores non sufran directamente as agresións, sempre van ser vítimas da violencia familiar, posto que o feito de presenciaren as agresións que o pai inflíxelle á nai, supón unha experiencia traumática que vai influír de forma negativa na súa formación e desenvolvemento.

As medidas de protección para os menores son todas as previstas para as vítimas de violencia familiar e calquera outra dirixida a apartar ao menor dun perigo ou a evitarlle prexuízos, por iso, o xuíz/a que tramita a denuncia penal pode acordar, entre outras medidas, a suspensión de calquera tipo de comunicación entre o/a menor e o agresor, que o agresor sexa privado da garda e custodia e ata da patria potestade, así como a atribución do uso do domicilio familiar e o establecemento dunha pensión alimenticia para o/a menor desde o primeiro momento en que cese a convivencia co proxenitor agresor.

O xuíz/a pode, en calquera clase de procedemento, civil ou penal, por si mesmo, ou a solicitude do fillo/a, da nai ou de calquera outro familiar ditar as seguintes medidas (art. 158 C.civil):

1º. Pode adoptar as medidas convenientes para asegurar a prestación de alimentos aos fillos e fillas por parte do pai e prover así as súas futuras nece-



**Todas as previstas para as vítimas de violencia familiar ou calquera outra dirixida a apartar ao menor dun perigo ou evitarlle prexuízos.**

**Especialidades no procedemento penal**

- Non se poden realizar acareos entre o/a menor e o acusado
- Pódese gravar en vídeo ou sistema de circuíto pechado de televisión as declaracións do/a menor para que non teña que estar fisicamente presente na sala do xuízo.
- Pódese pedir un informe psicolóxico sobre as consecuencias negativas para o/a menor en caso de que teña que declarar no xuízo.
- En ningún caso haberá contacto visual entre o/a menor e o acusado no acto do xuízo.
- O/a menor pode poñer denuncia ou querela criminal cando sexa maior de idade por calquera dos delitos sufridos

**Pode privarse da patria potestade no procedemento penal**

Lei Orgánica de Protección Xurídica do Menor e Lei de Protección das Vítimas de Malos Tratos



sidades ao fillo/a no caso de que o pai levase a cabo actos encamiñados a non cumprir coa súa obriga.

2º. Pode igualmente adoptar as disposicións apropiadas a fin de evitar aos fillos/as as perturbacións daniñas nos casos de cambio de titular da potestade de garda.


3º. Pode adoptar as medidas necesarias para evitar a substracción dos fillos e fillas menores, tales como: prohibición de expedición do pasaporte do/da menor ou retirada del se o ten, prohibición de saída do territorio nacional, necesidade de autorización xudicial previa para calquera cambio de domicilio do/da menor.

4º. En xeral, **pode adoptar as demais medidas que considere oportuno a fin de apartar ao/á menor dun perigo ou de evitalle prexuízos.**

Aos/ás menores dáselles un tratamento especial no procedemento penal coa finalidade de minimizar o prexuízo que lles pode ocasionar a súa intervención no proceso penal. Desta forma:

- Non se poden realizar careos entre o/a menor e o agresor.
- Pódese gravar en vídeo ou sistema de circuíto pechado de televisión as declaracións do menor para que non teña que estar fisicamente presente na sala do xuízo.
- Pódese pedir un informe psicolóxico sobre as consecuencias negativas para o/a menor no caso de que teña que declarar no xuízo.
- En ningún caso haberá contacto visual entre o/a menor e o agresor no acto do xuízo.
- O/a menor pode poñer denuncia ou querela criminal cando sexa maior de idade por calquera dos delitos sufridos por este.

## Agresión no ámbito familiar



## Procedementos penais que se poden iniciar coa denuncia

Existen distintos procedementos penais para axuizar os feitos denunciados. O procedemento a seguir vén determinado polas circunstancias e a gravidade da agresión que sufriches.

As agresións de menor gravidade denomínanse faltas e as máis graves delitos. Na actualidade as agresións que sofren as mulleres por parte de quen é ou foi o seu cónxuxe, compañeiro ou noivo, constitúen un delito. A única excepción son as denominadas inxurias que, se son leves, considéranse falta.

### Falta de inxurias leves

As faltas axuízanse polo procedemento denominado xuízo de faltas. Este procedemento ten as seguintes características:

- ❑ Non ten o que se denomina instrución, de tal forma que no momento en que a denuncia chega ao xulgado, se o xuíz/a determina que os feitos poden ser constitutivos dunha falta, directamente cita ás partes para o acto do xuízo oral. Neste suposto recibirás unha citación para xuízo na que se che indicará a necesidade de que acudas a xuízo con todas as probas das que intentes valerte, así como a posibilidade de ir asistido de avogado/a.
- ❑ A propia policía ou a garda civil que recolla a túa denuncia pode entregarche a citación para que acudas ao xulgado á celebración do xuízo oral. É o que se denomina “xuízo de faltas inmediato”, neste caso o xuízo celebrarase poucos días despois de presentar a denuncia.
- ❑ Antes do xuízo de faltas unicamente poderás solicitar a citación xudicial dalgunha testemuña se cres que se non son citados polo xulgado non van comparecer. Neste caso, unha vez que recibiches a citación para xuízo, acode ao xulgado e solicita que se cite xudicialmente ás testemuñas que che interesan. Se o xulgado non che admite a túa solicitude, presenta un escrito

pedindo que se cite como testemuñas para o acto do xuízo ás persoas que creas conveniente, indicando o seu nome e domicilio; ao presentar este escrito hanche de poñer un selo do xulgado nunha copia e esta será o xustificante de que o solicitaches. O día sinalado para o xuízo, se as testemuñas non estivesen citadas, solicita a suspensión do xuízo. Se o xuízo non se suspende pide que se faga constar o teu desacordo (“protesta”). Son necesarios estes pasos para poder recorrer a sentenza e solicitar a práctica da proba testifical que agora che están denegando.

- ❑ Cantos documentos queiras aportar no xuízo de faltas deberalos levar o mesmo día do xuízo, así como informes médicos, testemuños, etc

## Feitos constitutivos de delito

Os feitos constitutivos de delito seguen procedementos distintos, poden distinguirse dúas fases claramente:

- 1º. A instrución, que se leva a cabo no xulgado de violencia sobre a muller ou, de non existir, no de instrución, consiste na investigación dos feitos a través de distintas dilixencias de proba. A instrución da causa termina co traslado ás partes acudidas das actuacións e a cualificación xurídica dos feitos por parte das acusacións.
- 2º. O xuízo oral que se celebra nun órgano xudicial distinto e que poderá ser o xulgado do penal ou a audiencia provincial.

Nos denominados “xuizos rápidos” toda a instrución se realiza no xulgado de garda nun só día e o xuízo oral celébrase poucos días despois. O propio xulgado de garda entregarache a citación para o xuízo.


As dilixencias de proba que se poden realizar na fase de instrución son:

- **A túa declaración**, nela poderás confirmar (ratificar) o contido da denuncia

ou ben aclarala ou ampliála. É o momento en que debes manifestar, se non o fixeches antes, se existiron agresións anteriores, se hai outras denuncias e/ou procedementos penais -finalizados ou en tramitación-, se o agresor foi condenado noutras ocasións, se hai testemuñas, os seus datos para que poidan ser citados. Se non o fixeches anteriormente neste momento podes aportar as fotografías das lesións e os documentos ou informes médicos que teñas.

- **Declaración do agresor** á que poderá asistir a túa avogada/o e interrogalo, sempre que te persoaras como acusación particular.
- **Recoñecemento polo médico/a forense.** Cando sexas citada para ser examinada polo médico/a forense deberás levar todos os informes médicos que posúas sobre as lesións psicolóxicas e/ou físicas que sufras, así como a medicación ou tratamento seguido. Debes ter en conta que é posible que a cita co médico/a forense se produza tempo despois de sufrir a agresión e que non haxa ningunha pegada da lesión, de aí a recomendación de que fagas fotografías das lesións para que poidas mostralas neste momento, se non constan no expediente porque xa as entregaches con anterioridade.
- **Achega de documentos.** Durante a fase de instrución pódense aportar no xulgado todos aqueles documentos que acrediten os feitos denunciados. Desta forma poderás aportar sentenzas, informes médicos de agresións anteriores, fotografías das lesións, facturas dos gastos ocasionados como consecuencia da agresión, etc.
- **Solicitud de informes.** A través do xulgado poderanse solicitar informes, a entidades públicas ou privadas, que poidan acreditar extremos expostos na denuncia.
- **Declaración de testemuñas.** As persoas que presencien os feitos denunciados ou que teñan coñecemento deles serán citados para prestar declaración ante o xuíz/a.
- **Solicitud de antecedentes penais do agresor.**

## Composición da sala do xuízo



A lei establece que as declaracións da vítima, denunciado e testemuñas deberán levarse a cabo en presenza xudicial e con intervención de todas as partes acudidas. Desta forma, se estás acudida no procedemento, a túa avogada/o poderá formular aquelas preguntas que considere importantes para acreditar os feitos. Así mesmo, debes saber que na túa declaración poderá estar presente o avogado/a do denunciado e facerche preguntas.

## Composición do tribunal

O día do xuízo, unha vez que entres na sala e dependendo de en que órgano xudicial se celebre o xuízo, haberá un xuíz/a ou maxistrado/a se se axuiza unha falta ou un delito considerado menos grave; e haberá tres maxistrados/as se se axuiza un delito máis grave.

Se é un procedemento por delito o xuízo celebrarase nun xulgado do penal, ante un só xuíz/a ou maxistrado/a, ou na audiencia provincial, ante un ou tres maxistrados/as dependendo das circunstancias do caso.

Se é un xuízo de faltas, terá lugar no xulgado de violencia sobre a muller ou, de non existir, no xulgado de instrución.

**O XUIZ/A** estará no centro da mesa. Ao seu lado, na mesma liña estará **A SECRETARIA/O**. Á túa esquerda senta o **REPRESENTANTE DO MINISTERIO FISCAL** e o teu **AVOGADO/A (ACUSACIÓN PARTICULAR)**. Á túa dereita sentará a **AVOGADA/O** do agresor (**DEFENSA**).

**XUIZ/A:** é a persoa que decide, na sentenza, á vista das probas practicadas, sobre se se acreditaron os feitos denunciados e as consecuencias xurídicas que lles corresponde, de tal forma que se considera probadas as agresións imporá ao agresor o castigo que corresponda segundo o Código Penal.

**MINISTERIO FISCAL:** é o defensor do interese público e a legalidade e, como tal, acusará ao teu agresor se entende que hai probas suficientes, solicitando a condena e a imposición da pena que corresponda. Se non estima acreditados os feitos, poderá pedir a absolución.

**AVOGADO/A DA ACUSACIÓN PARTICULAR:** é a/o profesional que defende os teus intereses, articulando as probas que acreditan a realidade dos feitos denunciados, e solicita a condena que legalmente corresponda e no seu caso a indemnización polos danos e prexuízos derivados do delito. O avogado/a da acusación particular poderá continuar coa acusación no caso de que o ministerio fiscal non acuse ao teu agresor.

Debes coñecer que nos procedementos por delito a defensa do acusado pode chegar a un acordo co ministerio fiscal sobre a pena e indemnización. Neste caso, non se celebrará o xuízo, e se non estás persoada con avogada/o e procurador/a non poderás opoñerte ao devandito acordo.

**AVOGADO/A DEFENSOR:** ten como función a defensa do agresor e en consecuencia intentará desvirtuar todas e cada unha das probas que se vaian practicando no acto do xuízo. A presunción de inocencia é un dereito constitucional e obriga á acusación (fiscal e/ou acusación particular) a demostrar os feitos, por iso é posible que o avogado da defensa che pregunte varias veces a mesma cuestión:

- Non contestes aquilo que non teñas claro ou non entendas.
- Se cres que te está confundindo maniféstao así nese momento e pide que realice a pregunta con maior claridade.
- Non te pode interrogar sobre aspectos que afectan á túa intimidade e que non teñan nada que ver co que se estea xulgando, porque é un dereito garantido pola Constitución.



## Recomendacións a ter en conta para o xuízo

Calquera que sexa o tipo de procedemento penal que siga a túa denuncia o importante e fundamental que debes saber é o seguinte:

**ACODE TRANQUILA AO XUÍZO.** Irás acompañada do teu avogado/a e terás toda a protección que requiras. Se temes que poida producirse unha situación violenta podes pedir o acompañamento e protección da policía ou a garda civil. Así mesmo podes solicitar esperar nun despacho reservado para que non teñas que estar vendo ao teu agresor ata que comece o xuízo.

Unha vez iniciado o xuízo **SERÁS INTERROGADA POR TODAS AS “PARTES” DO PROCEDEMENTO:** O ministerio fiscal, o teu avogado/a, o avogado/a da defensa... Contesta sempre ás preguntas que se che realicen de forma clara, **RELATA OS FEITOS COMA SE DUNHA SERIE DE FOTOGRAFÍAS SE TRATASE** (pensa en cada acto de mal trato de palabra ou agresión física coma se fose unha fotografía na que tiveses que explicar o seu contido a alguén que non a ve.) Procura ordenar os feitos no tempo, pero non te preocupes se non podes facelo. É posible que te sintas emocionalmente mal ao recordar as agresións pero é necesario que o fagas xa que é imprescindible que coa túa declaración quede clara a situación de medo e violencia pola que atravesaches, así como a descrición clara e concreta das agresións sufridas. Un bo recurso para a memoria é relacionar as agresións sufridas con algún acontecemento ocorrido o mesmo día da agresión ou neste período (por exemplo se os feitos ocorreron uns días antes ou logo de Nadal, final de curso escolar, o día da voda dunha amiga, etc.). Ten en conta que nalgúns casos o teu testemuño será a única proba na que se poida apoiar unha Sentenza condenatoria.

**NON CONTESTES AQUELAS PREGUNTAS QUE NON ENTENDAS.** Se non entendes as preguntas que che realiza o fiscal ou os avogados/as, antes de contestar, pon de manifesto que non comprendes a pregunta e solicita que se repita.

Recorda **QUE SÓ INTERVIRÁS UNHA VEZ NO XUÍZO**, a través da túa declaración, por iso debes manifestar todo o que consideres que o xuíz/a debe saber. Unha vez rematada a túa quenda non poderás falar .

O xuíz/a tamén pode facerche preguntas sobre aquilo que crea que non lle quedou suficientemente claro.

**É FUNDAMENTAL QUE ACUDAS CON AVOGADA/O AO XUÍZO** porque neste caso poderás estar debidamente defendida tendo en conta que estes profesionais poden intervir nos interrogatorios das partes e das testemuñas e ten a oportunidade de informar ao final do xuízo facendo unha valoración da proba e solicitando a condena do agresor.

## A sentenza

O procedemento remata coa decisión do xuíz/a que se recolle nunha resolución que se denomina **SENTENZA**. Nesta fanse constar cales son os feitos que se consideran probados e en base a eles faise un razoamento xurídico que remata coa decisión de condena ou absolución do acusado.

No caso de que a sentenza sexa condenatoria, conterà a pena que se lle impón ao condenado así como a responsabilidade civil e as indemnizacións que debe abonar como vítima.

Unha vez que se dita sentenza, notificaráseche. Se non estás conforme con ela cabe a posibilidade de que presentes un **RECURSO DE APELACIÓN** no prazo de 5 días (**CINCO DÍAS**) se é un xuízo de faltas. Se é un xuízo por delito o tipo de recurso e o prazo para interpoñelo variará dependendo do procedemento. Ten en conta que se é un procedemento distinto ao xuízo de faltas e non estás debidamente acudida con avogada/o e procurador/a non poderás presentar recurso ningún.

## Suspensión das penas privativas de liberdade

Se a sentenza condena ao agresor a unha pena privativa de liberdade, o xulgado pode deixar en suspenso o cumprimento da pena de prisión á condición de que teña unha duración inferior a dous anos e o agresor non fose condenado anteriormente.

Antes de acordar a suspensión do cumprimento da condena darase audiencia ás partes. **SEMPRE TES QUE SER OÍDA POLO XUÍZ/A OU TRIBUNAL**, persoalmente ou a través da túa avogada/o, antes de que se acorden os beneficios da suspensión de condena.

A suspensión da pena de prisión esixe que se dean estes requisitos:

- ✓ Que se teñan abonado as indemnizacións que por danos e prexuízos estableza a sentenza.
- ✓ Que o agresor non cometa outro delito no prazo que o xuíz/a ou tribunal fixe.
- ✓ Que o condenado cumpra as prohibicións que se acorden na sentenza tales como: prohibición de acudir a determinados lugares; prohibición de aproximarse ou comunicarse coa vítima, participación en programas educativos, formativos...; obriga de comparecer ante o xulgado periodicamente, etc.

É importante que se, durante o tempo en que o cumprimento da condena está en suspenso, se produce calquera incidente violento (chamadas ameazantes, intento de agresión...) o poñas inmediatamente en coñecemento do XULGADO para que se revogue a suspensión e o agresor cumpra a pena de prisión. **SE TE ATOPAS NESTA SITUACIÓN COMUNÍCALLO INMEDITAMENTE Á TÚA AVOGADA/O E SE NON O TES INSISTE EN FALAR CO/A XUÍZ/A OU MAXISTRADO/A PERSOALMENTE.**

Dada a rapidez coa que na maioría dos casos se tramitan os procedementos penais nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar, **é imprescindible que, de ser posible, antes de decidirte a interpoñer a denuncia te informes convenientemente e solicites o nomeamento de avogado/a e procurador/a que te asistan tanto na presentación da denuncia como no procedemento penal** que se tramite con posterioridade, só así poderás ter a confianza de que os teus dereitos e intereses estarán defendidos axeitadamente.

## A violencia de xénero e o sistema xudicial civil

# C

on independencia das denuncias que presentes e dos xuízos penais que por estas se sigan, tras decidir romper a relación co agresor, debes iniciar unha serie de actuacións ante a vía civil co fin de regular a situación persoal e económica túa e das túas fillas e fillos.

Lembra que tes dereito á asistencia xurídica gratuíta, por iso, acode aos Centros de Información ás Mulleres, ao teléfono de información ás mulleres: 900-400.273, aos servizos sociais de base ou a asociacións de mulleres para que te informen sobre os teus dereitos.

Se se ditou unha **ORDE DE PROTECCIÓN** con medidas civís, debes saber que estas medidas **SÓ TEÑEN VALIDEZ DURANTE 30 DÍAS**. Se nese prazo se inicia un procedemento de familia (separación, divorcio ou garda e custodia), a validez das medidas civís da orde de protección prolongarase por 30 días máis. Se a túa avogada/o non presenta o procedemento de separación, divorcio ou garda e custodia dentro dos 30 días seguintes á orde de protección, **AS MEDIDAS CIVÍS NON TERÁN VALIDEZ** polo que é fundamental cumprir con este prazo.

Antes de iniciar un procedemento de separación, divorcio ou garda e custodia, debes ter en conta as seguintes indicacións:

**RECOMPILA TODA A DOCUMENTACIÓN** que sexa posible e coa que poidas demostrar a situación económica real da familia, os ingresos da túa parella ou cónxuxe, así como as propiedades de ambos. Recolle calquera documento que xustifique tanto ingresos como gastos e ten en conta que no suposto de traballadores autónomos os ingresos son máis difíciles de probar de forma directa pero que é posible acreditarlos a través dos gastos familiares.

**NECESITAS CONTACTAR CUN/HA AVOGADO/A QUE CHE OFREZA CONFIANZA.** Para iso, se non coñeces a ninguén podes acudir aos Centros de Información ás Mulleres, , ao teléfono de información ás mulleres: 900-400.273, aos servizos sociais de base, aos colexios de avogados/as ou asociacións da túa localidade para informarte de cal é a túa situación e cales son os teus dereitos.

Se acodes a un avogado/a particular infórmate do **CUSTO DO PROCEDIMENTO**, para iso podes pedir un orzamento no que se che indicará o custo aproximado dos honorarios de avogada/o e os de procurador/a así como doutros gastos que poidan derivarse do xuízo (por exemplo citacións a outra localidade de provincia distinta de onde se interpoñerá o procedemento de separación ou divorcio, anotacións preventivas de embargo, publicacións no boletín oficial da comunidade autónoma etc.). Os custos serán distintos se o proceso de separación, divorcio ou garda e custodia, finaliza na primeira instancia (ante o xulgado que resolverá sobre a demanda) ou se hai recurso de apelación (ante un tribunal superior). Os custos tamén serán diferentes se o procedemento é de mutuo acordo ou contencioso, se hai liquidación do réxime económico matrimonial ou non.

**XUSTIZA GRATUÍTA.** No caso de que os teus ingresos non superen o dobre do salario mínimo interprofesional, tes dereito a solicitar avogada/o e procura-

dor/a de quenda de oficio. Sempre debes reaccionar con rapidez porque todos os trámites requiren o seu tempo pero neste caso en concreto has de ter en conta que desde o momento en que se solicita o avogado/a e o procurador/a de oficio ata que son designados poden transcorrer varias semanas. Unha vez que recibas a carta cos nomes dos profesionais que che corresponderon debes poñerte en contacto con eles para explicarlles cal é a túa situación.

A solicitude de avogado/a e procurador/a de oficio realízase nos servizos de orientación xurídica dos colexios de avogados, acudindo a eles e demandando o impreso a cumprimentar para este trámite. Neste servizo deberanche explicar detidamente os documentos que tes que aportar e onde podes conseguilos.

## Actuacións ante a xurisdición civil

A túa situación familiar vai determinar que tipo de procedemento debes seguir:

- ▶ **MATRIMONIO SEN FILLOS/AS.** Aínda que non existan fillos/as é necesario que o xuíz/a acorde a separación dos cónxuxes e os efectos que desta se derivan como a disolución da sociedade legal de gananciais, qué ocorre coa vivenda que foi domicilio familiar ou a pensión compensatoria que puidese corresponderche.
- ▶ **MATRIMONIO CON FILLOS/AS.** Ademais da separación podes solicitar a garda e custodia dos teus fillos/as menores de idade e unha pensión alimenticia para todos os fillos e fillas que non teñan independencia económica (aínda que sexan maiores de idade), así como o uso e goce da vivenda familiar, mobiliario e enxoval e, se o consideras axeitado, a suspensión do réxime de visitas e comunicación ata que o agresor demostre que a comunicación cos fillos e fillas menores de idade é positiva para eles.



- 1.) Contribución ás cargas do matrimonio; inclúe pensións de alimentos dos fillos, a muller, cota do crédito hipotecario e calquera outro gasto familiar.
- 2.) O uso da vivenda é para os fillos e o proxenitor que teña a súa garda e custodia
- 3.) Artigo 771.2 parágrafo segundo da Lei de Axuízamento Civil.



- ▶ **PARELLA DE FEITO SEN FILLOS/AS.** Non tes necesidade de acudir ao xulgado para terminar a convivencia, aínda que se non chegades a acordos en canto ás cuestións económicas (posibilidade de indemnización polos anos de convivencia, uso da vivenda...) e respecto dos bens en común, deberás recorrer aos procedementos civís ordinarios en reclamación dos teus dereitos.
- ▶ **PARELLA DE FEITO CON FILLOS/AS.** Debes acudir ao xulgado se queres solicitar a garda e custodia dos teus fillos/as menores de idade, e unha pensión alimenticia para todos os fillos e fillas que non teñan independencia económica (non importa que os fillos/as sexan maiores de idade) así como o uso e goce da vivenda familiar mobiliario e enxoval, e a suspensión do réxime de visitas e comunicación ata que o agresor demostre que a comunicación cos fillos/as menores de idade é positiva para eles.

**NO CASO DE QUE HAXA FILLOS/AS MENORES,** tanto en parellas de feito como en parellas casadas, para establecer a súa garda e custodia, é fundamental acudir rapidamente ao xulgado, por canto o pai como tal mantén os mesmos dereitos que a nai sobre os fillos/as menores de idade. A única persoa que pode limitar os dereitos dun proxenitor é o/a xuíz/a e por uns motivos determinados. Por esta razón para que ti poidas ter aos teus fillos/as contigo debes solicitar as medidas axeitadas nos xulgados do civil.

Aínda que os procedementos a seguir son distintos as medidas sobre as que o xuíz/a se vai pronunciar son similares. No suposto da separación e de divorcio, o xuíz/a acordará a separación ou o divorcio dos cónxuxes e como consecuencia desta as medidas que a deben rexer e no suposto de fillos/as non matrimoniais acórdanse as mesmas medidas salvo que non haxa pronunciamento sobre separación ou divorcio.

As parellas casadas acoden ao que se denomina unha separación legal e o xuíz/a pronúnciase sobre a vivenda, os fillos/as, as cantidades económicas que debe abonar o outro proxenitor así como as visitas aos menores.

Para os fillos/as non matrimoniais, a Lei orgánica de protección xurídica do menor establece os mesmos dereitos que para os fillos/as nacidos no matrimonio, pero o procedemento é diferente. Neste procedemento podes solicitar a garda e custodia dos/as menores, alimentos para eles/elas, o uso e goce da vivenda familiar e a forma en que os/as menores han de comunicarse co pai ou se cres que estas comunicacións deben quedar en suspenso.

## **Medidas provisionais previas ao procedemento de separación, divorcio ou garda e custodia**

### **Significado e contido**

A SOLICITUDE DE MEDIDAS PROVISIONAIS PREVIAS (tamén coñecidas conforme ao termo que a lei lle daba anteriormente, provisionalísimas), dá inicio a un procedemento que se debe tramitar polo xulgado de forma **URXENTE, TANTO EN PARELLAS DE FEITO COMO CASADAS**, e no que o/a xuíz/a acorda medidas sobre os seguintes extremos:

- 1º. Uso e goce da vivenda familiar e saída deste do cónxuxe ou proxenitor que corresponda.
- 2º. Garda e custodia dos e das menores
- 3º. Réxime de visitas aos menores
- 4º. Contribución ás cargas familiares; Neste concepto fixarase a cantidade que se debe abonar en concepto de pensión alimenticia para os fillos e fillas e no seu caso pensión compensatoria.

EN TODOS OS SUPOSTOS DE VIOLENCIA EN QUE HAXA FILLOS/AS, NO MESMO ESCRITO DE MEDIDAS PREVIAS DE SEPARACIÓN OU GARDA E CUSTODIA TENSE QUE SOLICITAR EN BASE AO PARÁGRAFO SEGUNDO DO APARTADO 2 DO ARTIGO 771 DA LEI DE AXUIZAMENTO CIVIL, QUE O/A XUÍZ/A CIVIL **ACORDE DE INMEDIATO A ATRIBUCIÓN DA GARDA E CUSTODIA DOS FILLOS/AS E O USO DA VIVENDA, MOBILIARIO E ENXOVAL FAMILIAR**

## Lugar e forma de presentación

A solicitude de medidas provisionais previas debe presentarse no xulgado de primeira instancia do lugar onde se atope o domicilio familiar ou o do lugar onde se atope a muller que se viu obrigada a abandonar o seu domicilio.

O procedemento iníciase por unha petición simple da muller que solicita as medidas. Non é necesario avogada/o e procurador/a para a presentación de ditas medidas aínda que sempre é recomendable. Has de ter en conta que ditos profesionais **SI SON OBRIGATORIOS** para calquera acto posterior polo que é conveniente que desde o primeiro momento en que te propoñas presentar unha solicitude de medidas previas solicites a axuda destes profesionais.

Lembra que existen os Centros de Información ás Mulleres, o teléfono de información ás mulleres: 900-400.273, os servizos sociais de base e algunhas asociacións de mulleres con programas específicos que che poderán informar para proporcionarche avogado/a e procurador/a que leve a cabo estes trámites.

## Contido do escrito de solicitude de medidas previas

- ✓ O escrito deberá estar encabezado por ti cos teus datos persoais, DNI, domicilio (salvo que temas pola túa integridade física ou a dos teus fillos e fillas

nese caso deberás ocultalo indicando o domicilio dun familiar ou amigo onde che poidan chegar as notificacións), estado civil.

- ✓ A continuación unha relación de feitos na que se inclúa:
  - Data do matrimonio, data do comezo da convivencia nas parellas de feito.
  - Se da relación naceron fillos/as e a data do seu nacemento.
  - Enderezo completo do domicilio familiar.
  - Ingresos do marido ou parella e/ou pai.
  - Ingresos da muller e/ou nai.
  - Gastos de cada un dos fillos/as tales como:
    - Colexio
    - Comedor
    - Actividades extraescolares
    - Libros, material escolar
    - Clases de repaso
    - Clases de idiomas
    - Deportes
    - Vestido e calzado
    - Seguros médicos e consultas médicas.
    - Farmacia
    - Actividades lúdicas
    - Diñeiro para os seus propios gastos
    - Outros \_\_\_\_\_
  - Gastos xerais para o sostemento do fogar:

- Aluguer ou cotas mensuais do préstamo hipotecario
- Subministración eléctrica, gas, auga, teléfono, etc. ,
- Alimentación e limpeza do fogar e aseo.
- Transporte.
- Outros gastos, (exemplo adquisición dun vehículo, préstamos persoais, etc.)
- De forma breve explicárase a situación de violencia que provocou a saída do domicilio familiar e que xustifica a petición destas medidas urxentes.
- En parágrafo separadamente deberás formular a petición que lle realizas ao xulgado e que son as medidas sobre as que se ten que pronunciar:
  - Atribución da garda e custodia dos/das menores.
  - Atribución do uso do domicilio familiar para os/as menores e a nai.
  - Réxime de visitas para o progenitor que non conviva con fillos/as.
  - Cantidade que deberá abonar en concepto de cargas familiares o proxenitor que non conviva cos fillos e fillas.

O/a xuíz/a citaravos a unha **COMPARECENCIA Á QUE NECESARIAMENTE DEBERÁS IR ACOMPAÑADA DE AVOGADA/O E PROCURADOR/A.**

Posteriormente o xuíz/a ditará un **AUTO** no que se recollerán as medidas polas que deberedes rexer a vosa relación ata que se dite sentenza no procedemento de separación ou de garda e custodia.

Estas medidas teñen unha validez de 30 días. Prorrogaranse se no devandito prazo se presentase demanda de separación, de divorcio ou de garda e custodia e alimentos ou se acodes ao xulgado e mediante unha “comparecencia” solicitas que se prorroguen explicando e xustificando os motivos que impiden presentar a demanda dentro dese prazo.

Ao final desta guía atoparás un modelo de solicitude de medidas previas. Recorda que aínda que podes presentar ti directamente a solicitude, necesitarás avogada/o e procurador/a para todo o procedemento que segue á presentación de solicitude, polo que é recomendable que contes co seu asesoramento para redactar o escrito.

## Recomendacións a mulleres inmigrantes

En xeral o contido desta guía é completamente válido para as mulleres estranxeiras que son vítimas de violencia de xénero por parte dos seus maridos ou compañeiros, posto que, con independencia da nacionalidade ou da situación administrativa (posesión ou non de permiso de residencia en España) poden acudir, nas mesmas condicións que o resto das mulleres aos procedementos xudiciais, tanto penais como civís.

Existen non obstante algúns aspectos e especialidades que debes coñecer se es estranxeira:

- En canto á **denuncia**, tes dereito a presentar denuncia polas agresións que sufras **aínda que non posúas permiso de residencia**.
- Tamén podes, teñas ou non permiso de residencia, intervir no procedemento penal con avogado/a e procurador/a, persoándote como **acusación particular**.
- Igualmente tes dereito a solicitar a **orde de protección** e calquera outra medida de seguridade para ti e os teus fillos e fillas.
- Respecto dos procedementos civís, deberás iniciar un **procedemento de separación** se estás casada, aínda que o matrimonio non se celebre en España.

No caso de que non esteas casada, será necesario tramitar **un procedemento de garda e custodia e alimentos** se os teus fillos/as residen en España.

Debes ter en conta que os/as menores estranxeiros teñen os mesmos dereitos que o resto dos e das menores e gozan da mesma protección, polo que poden solicitarse as mesmas medidas para asegurar o seu benestar e evitar calquera risco.

- ❑ Tes **dereito á asistencia xurídica gratuíta** nas mesmas condicións que as mulleres españolas. Así, se os teus ingresos non superan o dobre do salario mínimo interprofesional ou, aínda que sexan superiores, se existen circunstancias que denotan a falta de recursos económicos, podes acceder ao beneficio da xustiza gratuíta. Este dereito supón a posibilidade de obter a designación de avogada/o e procurador/a da quenda de oficio especial que, sen custo ningún, defenda os teus intereses en todos os procedementos penais, civís ou administrativos que se deriven da situación de violencia de xénero.

Se o solicitas, a designación destes profesionais realizarase de forma inmediata, pero se non aportas a documentación que che soliciten ou se non cumpres os requisitos que establece a lei, non se che recoñecerá o dereito á asistencia xurídica gratuíta e terás que aboar os honorarios do avogado/a e procurador/a.

Con todo existen asociacións de mulleres que contan con programas de asistencia xurídica gratuíta e que poderán proporcionarche un avogado/a para tramitar polo menos os procedementos máis urxentes e necesarios (procedemento penal con solicitude de medidas de protección, medidas provisionais previas).

- ❑ Se o teu permiso de residencia é por “reagrupación familiar” e xa que logo depende do do teu marido, debes saber que non o perderás aínda que te separes e poderás obter un permiso de residencia independente cando o motivo da separación é a situación de malos tratos sufrida e o xulgado che concede a orde de protección.

Así mesmo, podes solicitar un permiso de residencia independente:

- ✓ Cando teñas unha oferta de traballo e obteñas autorización para traballar.
- ✓ Cando leves cinco anos residindo en España.

## Dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero nas relacións de parella

Ademais dos dereitos que tes como vítima dun delito, a lei recoñece a todas as mulleres que son vítimas de violencia de xénero unha serie de dereitos:

### Dereito á información

Tes dereito a recibir completa información e asesoramento adecuado á túa situación persoal incluíndo información sobre as medidas relativas á túa protección e seguridade.

### Dereito a servizos sociais de atención, de urxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral, coas seguintes prestacións:

- ✓ Información
- ✓ Atención psicolóxica.
- ✓ Apoio social
- ✓ Seguimento das reclamacións dos dereitos da muller
- ✓ Apoio educativo á unidade familiar.
- ✓ Formación preventiva nos valores de igualdade dirixida ao seu desenvolvemento persoal e á adquisición de habilidades na resolución non violenta de conflitos.
- ✓ Apoio á formación e inserción laboral.
- ✓ Apoio económico: salario da liberdade e axuda económica en pagamento único.
- ✓ Apoio no aluguer ou merca dunha vivenda.



## Dereito á Asistencia Xurídica Gratuíta

No caso de que os teus ingresos non superen o dobre do salario mínimo interprofesional, tes dereito a un avogado/a e un procurador/a da quenda de oficio especial, para que asuman a túa defensa e representación gratuítas en todos os procedementos que estean relacionados coa situación de violencia que sufriches.

